

ORDENANZA FISCAL N.º 13.-REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1.º.-Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/98, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece a taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, con tendidos, tubos e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, augas, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, roscas de ás, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para venda automática ou outros análogos que establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local, voen sobre os mesmos, ou ocupen o subsolo.

Artigo 3.º.-Suxeito pasivo.

É suxeito pasivo desta taxa, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

Artigo 4.º.- Exencións, reducións e bonificacións.

Non se contempla ningún tipo de exención, redución ou bonificación na presente taxa.

Artigo 5.º.-Base imponible.

Constitúe a base imponible desta taxa, o importe dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste término municipal as empresas explotadoras do servizo de subministro.

Artigo 6.º.-Cota tributaria.

Será a cota resultante de aplica-lo tipo do 1,5% á base imponible definida no artigo anterior.

Artigo 7.º.-Retribución e período impositivo.

A retribución da presente taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo no suposto de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en tal caso o período impositivo axustarase a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

Artigo 8.º.-Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Artigo 9.º.-Réxime de declaración e ingreso.

O ingreso da presente taxa realizarase dentro do primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se produce a retribución da taxa.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión extraordinaria celebrada o día vinteseis de outubro de mil novecientos noventa e oito entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.